


# Unidade 3



**VEXO, VEXO**

# Que é a CARTOGRAFÍA?

<https://www.youtube.com/watch?v=FSDqwmLnFtU>

A **cartografía** é a ciencia encargada de elaborar mapas ou representacións cartográficas a través da análise das medidas tomadas. Hoxe en día fanse con programas informáticos pero sempre houbo una necesidade de visualizar itinerarios e lugares e, daquela, facíanse a man introducindo debuxos e cores.



# Conceptos básicos de cartografía

Un **mapa** é unha representación de toda a superficie terrestre ou partes da mesma.

Un **planisferio** é un mapa mundial a escala.



# Conceptos básicos de cartografía

## TIPOS DE MAPAS

### POLÍTICOS


Mostran os países,  
CCAA ou provincias

### FÍSICOS

Representan o relevo

### TEMÁTICOS

Inclúen datos variados





# Conceptos básicos de cartografía


Un **plano** é un tipo de mapa no que hai unha representación esquemática e a determinada escala, dun terreo, unha poboación, unha construción...



# Conceptos básicos de cartografía

Unha **escala** é a proporción entre a medida real dun territorio e a súa representación. Grazas a ela, podemos calcular a distancia real entre lugares.

**Escala gráfica** é unha pequena liña ou regra con segmentos. Sirve para medir distancias.



**Escala numérica** é unha relación numérica entre a distancia que representa e a distancia real.

Expresámola: así:

Escala 1: 5.000  
(1cm en plano equivale a 50km)

# Conceptos básicos de cartografía

Os **signos convencionais** son os debuxos e cores que se utilizan para indicar elementos culturais, físicos e políticos nun mapa. Hai signos convencionais universiais que son coñecidos para todos e outros non. Por iso, é importante engadir unha **lenda** para explicar eses debuxos.



+++++	Frontera Internacional
+--+--+	Límite Provincial
+---+---	Límite Municipal

	Edificio		Terreno aberto
	Muro		Terreno aberto/semiaberto irregular
	Valla		Bosque
	Árbol		Matorrales aislados
	Tocón de árbol/raíz		Estanque
	Cortado pedra		Corriente de agua
	Cortado de tierra		Senda
			Objetos hechos por el hombre

Despejado	Nuboso	Muy Nuboso	Cubierto	Llovizna	Lluvia
Chubasco	Tormenta	Granizo	Nieve	Bruma	Niebla
Calma	Flojo	Moderado	Fuerte	Muy Fuerte	

# Que é unha paisaxe?

Unha **paisaxe** é unha zona ou terreo que podemos observar desde un determinado lugar. Está determinado polo clima e o relevo. Cambia co paso do tempo e pola acción do home. Pode ser natural ou humanizado.





# Elementos dunha paisaxe

## ELEMENTOS NATURAIS

**Clima.** Conxunto de condicións atmosféricas predominantes

**Fauna.** Son os animais do lugar

**Flora.** É a vexetación do lugar

**Solo.** É a superficie onde habitan a fauna e a flora.

**Relevo.** Son as distintas formas que ten a superficie terrestre: vales, montañas,

**Auga.** Son os ríos, lagos, o mar...

# Elementos dunha paisaxe

## ELEMENTOS ARTIFICIAIS

Son todas as construcións (casas, edificios, colexios...), campos de cultivo, sistemas de comunicación como as carreteiras, as pontes, os portos, as vías do tren... feitos, por suposto, polo home.



# Diferencia entre a paisaxe natural e humanizada

A paisaxe NATURAL non tivo ningunha modificación por parte do home pois so existen nela elementos naturais como ríos, montañas ou animais. En cambio, a paisaxe HUMANIZADA está formada por un ou máis elementos artificiais como carreiros, casas ou zonas de cultivo.



# As paisaxes de España. As súas características

Hai catro tipos de paisaxes en España debido á diversidade da superficie terrestre. Son:

## ✓ Paisaxe oceánica / atlántica

Localización: todo o norte do país.

Caracterízase polo seu verdor debido ás chuvias abundantes e regulares.

Bosques de folla caduca como robles, faias e castaños.

Prados verdes todo o ano





# As paisaxes de España. As súas características

## ✓ Paisaxe mediterránea

Localización: toda a zona central caracterizada por mesetas e vales.

A vexetación concéntrase nas ribeiras dos ríos e preto das montañas. Adáptase ao calor e á sequía do verán.

Abundan as árbores de folla perenne e de pequeno tamaño como o pino carrasco.



# As paisaxes de España. As súas características

## ✓ Paisaxe de montaña

Localización: zonas de montaña

Caracterízase pola variación da temperatura e humidade pola diferenca de altitude.

Nas zonas de maior altitude destacan os bosques de folla perenne e os de folla caduca. Máis arriba dos 2000 m, hai pastos de montaña e matorrais.

En zonas baixas, hai vexetación mixta e na montaña media vexetación típica dos bosques atlánticos (robles, faias e castaños).



# As paisaxes de España. As súas características

## ✓ Paisaxe canaria

Localización: illas Canarias

Teñen un relevo montañoso e pola súa orixe volcánica,

as precipitacións e a súa latitude, teñen especies propias como o pino canario, o cardón o drago e a tabaiba.

No norte, a vexetación é máis abundante pola humidade e no sur hai plantas adaptadas á sequía.

